

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL, A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DE VIGO E A FUNDACIÓN EMPRESA-UNIVERSIDAD GALLEGA (FEUGA) PARA A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA DE BOLSAS DIGITALENT

En Santiago de Compostela, a 1 de outubro de 2019

REUNIDOS

D^a. Carmen Pomar Tojo, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional de la Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da dita consellería, en virtude das facultades recoñecidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, no Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, e no Decreto 96/2018 do 26 de setembro, polo que se nomea conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional.

D^a. Mar Pereira Álvarez, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, actuando en nome e representación de dita Axencia (co NIF Q1500382E), en virtude das facultades que lle confire o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e o Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia a Mar Pereira Álvarez e o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.



D. Antonio López Díaz, en calidade de Reitor da Universidade de Santiago de Compostela con sede no Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro, s/n,15782 Santiago de Compostela e con CIF Q1518001A.

D. Julio E. Abalde Alonso, en calidade de Reitor da Universidade da Coruña con sede na Rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña e con CIF Q6550005J.

D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, en calidade de Reitor da Universidade de Vigo con sede en Edificio Exeria, Campus de Vigo, 36310 Vigo e con CIF Q8650002B

D. Francisco Javier Pereiro Pérez, en calidade de Director Xeral da Fundación Empresa-Universidad Gallega (FEUGA) con sede na Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n Campus Vida, 15705 Santiago de Compostela e con CIF G15051667.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das atribucións que teñen conferidas no nome das entidades que representan e,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante Amtega) é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, tal e como se recolle no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

A Amtega está adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia e conta con personalidade xurídica diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía de xestión nos termos establecidos pola normativa vixente e ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións, e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.



Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes competencias e funcións: a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, garantindo os dereitos da cidadanía e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Segundo- A Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanzas universitarias correspondentes á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria tal e como se recolle no Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

O antedito decreto atribúelle, entre outras, as seguintes competencias e funcións: planificar a oferta de ensino universitario na Comunidade Autónoma de Galicia, en coordinación coas universidades galegas, incidindo na mellora continua do Sistema universitario de Galicia e na súa conexión e adaptación ao contorno, para dar resposta ás necesidades da sociedade actual.

Mellorar e potenciar a empregabilidade e maximizar as oportunidades de desenvolvemento profesional na economía dixital son algúns dos retos da sociedade actual. Un contexto no que a continua evolución tecnolóxica está orixinando unha demanda crecente de profesionais TIC con novas habilidades e graos de especialización.

Terceiro- Que as tres Universidades galegas asumen e desenvolven as súas funcións como servizo público esencial á comunidade, mediante o estudo, a docencia e a investigación. Así mesmo, a adecuación dos programas educativos ás necesidades do mercado laboral actual constitúe un elemento fundamental para acadar a inserción dos recién titulados universitarios no mercado laboral nunha sociedade cada vez máis dixital.

Cuarto- A Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) está constituída como unha entidade de dereito privado, sen fins lucrativos, e dedicada ao desenvolvemento



da economía e a sociedade de Galicia, formando parte do seu Padroado o tres universidades do Sistema Universitario de Galicia. No seu último Plan Estratégico FEUGA recolle, dentro da súa liña de actuación "Recursos Humanos" e como un dos seus principais obxectivos contribuír a inserir profesionalmente aos titulados do tres universidades galegas, conseguindo con iso profesionais máis cualificados, posibilitando con iso a mellora no desempeño profesional dos cadros técnicos das empresas. Así FEUGA promove desde a súa creación, como unha das súas actuacións prioritarias, a formación práctica dos titulados do Sistema Universitario Galego (SUG) co fin último de achegar aos recentes titulados do SUG ao mundo laboral e preparar a súa futura incorporación ao mesmo.

Quinto- O Goberno galego a través da Axenda Dixital de Galicia 2020, liderada pola Amtega e aprobada no Consello da Xunta de Galicia o 30 de abril de 2015, ten o obxectivo de impulsar un modelo de crecemento baseado na economía dixital, que contribúa a dar resposta a desafíos aos que se enfrenta Galicia en todas ás áreas de desenvolvemento.

A Axenda Dixital de Galicia 2020 (en adiante ADG2020) establece entre os seus obxectivos, impulsar a innovación tecnolóxica, competitividade e xeración de emprego no ecosistema dixital que contribúan a posicionar ao sector tecnolóxico coma un dos sectores de referencia de Galicia.

En concreto, asume o desafío de avanzar da Competencia TIC ao Talento TIC, aumentando a capacidade produtiva das empresas a través de profesionais TIC que respondan ás necesidades tecnolóxicas actuais e futuras.

Neste contexto, para contribuír á consecución destes obxectivos, a Amtega define o Plan de Promoción do Talento Dixital de Galicia 2020 (en adiante DigiTalent) co fin de reducir a fenda crecente entre a demanda e a dispoñibilidade de talento dixital para satisfacer as necesidades do mercado tecnolóxico a medio e longo prazo e promover que a cidadanía conte coas capacidades necesarias para desenvolverse plenamente no ámbito dixital tanto na súa vida persoal como profesional.

Sexto- Que neste contexto, a Secretaría Xeral de Universidades, a Amtega, as tres Universidades galegas e a Fundación Empresa-Universidad Gallega (FEUGA) están



interesados en impulsar actuacións orientadas á promoción do talento dixital en Galicia para aumentar a capacidade produtiva das empresas a través de profesionais que respondan ás necesidades tecnolóxicas actuais e futuras.

Sétimo- Que no marco do Plan DigiTalent, a Amtega ten previsto articular un programa de accións orientadas a despertar, motivar e potenciar as vocacións STEM desde idades temperás así como a promover a adaptación de estudantes, titulados e profesionais á demanda de novos perfís dixitais e maximizar as oportunidades de desenvolvemento profesional na economía dixital. Estas accións teñen un carácter de interese xeral porque contribuirán a potenciar a competitividade dos sectores produtivos galegos a través de profesionais TIC que responden ás necesidades de demanda de novos perfís dixitais, abordando as lagoas de competencias dixitais en todos os ámbitos, tanto no propio sector TIC coma no resto de sectores empresariais de Galicia.

Concretamente, e atendendo ao establecido na ADG2020, impulsaranse as vocacións tecnolóxicas e os novos perfís dixitais para satisfacer as necesidades do mercado tecnolóxico a medio e longo prazo promovendo a adaptación da capacitación dos profesionais aos novos requirimentos da dixitalización.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Galicia, a Amtega, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña, a Universidade de Vigo e a Fundación Empresa-Universidad Gallega (Feuga) manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acordan subscribir o presente Convenio de Colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto sentar as bases da colaboración entre a Xunta de Galicia, a Amtega, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña, a Universidade de Vigo e a Fundación Empresa-Universidad Gallega (Feuga) para a definición e posta en marcha do programa de Bolsas DigiTalent, no marco do



Plan DigiTalent, que permitan promover a adaptación da capacitación de estudantes, titulados e profesionais á demanda de novos perfís dixitais e maximizar as súas oportunidades de desenvolvemento profesional na economía dixital, impulsando a competitividade e xeración de emprego no ecosistema dixital.

Segunda.- Descrición das actuacións conxuntas do convenio

A Secretaría Xeral de Universidades, a Amtega, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña, a Universidade de Vigo e a Fundación Empresa-Universidad Gallega (Feuga) colaborarán na definición e posta en marcha do programa de Bolsas DigiTalent, no marco do Plan DigiTalent, mediante a convocatoria de, cando menos, 30 bolsas anuais para a realización de prácticas formativas en empresas do sector TIC, por un período de 3 meses, orientada a estudantes universitarios que teñan máis do 75% e menos do 100% de créditos aprobados nos que os bolseiros contarán co asesoramento, orientación e dirección dos responsables das empresas TIC que se determinen e que definirán as tarefas a realizar conforme ao correspondente plan de formación.

Na convocatoria das bolsas realizada ao abeiro do presente convenio se garantirán os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrencia e competitividade.

A convocatoria e as resolucións de concesión das bolsas deberán ser sometidas, con carácter previo á súa concesión, á Comisión de Seguimento deste convenio, e deberán estar debidamente ponderadas e ordenadas por puntuación en atención aos criterios de selección que, sen prexuízo da concreción que se realice na correspondente convocatoria, aparecen recollidos no Anexo I do presente convenio. As resolucións provisionais publicaranse na mesma páxina web da Fundación Empresa-Universidad Gallega (Feuga) na que se publique a convocatoria debendo outorgarse un prazo de 10 días hábiles para que os interesados poidan formular alegacións ás puntuacións obtidas, resolvéndose e publicándose a resolución definitiva de concesión unha vez transcorrido o mencionado prazo.

Estas axudas serán compatibles con outras axudas establecidas por outra Administración Pública, organismo ou ente público o privado, nacional ou internacional



para o mesmo fin sen que, en ningún caso, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Estas axudas estarán suxeitas ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, así como a normativa básica da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e ao seu regulamento aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Asemade, atendida a natureza das prácticas formativas, están suxeitas ó disposto no Real Decreto 1493/2011, de 24 de outubro, por lo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenrolo do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

A Amtega alcanzará o financiamento destas axudas a través dos mecanismos previstos no ordenamento xurídico, que inclúen o cumprimento por parte dos bolseiros seleccionados dos requisitos legais para ser beneficiarios. Atendida a natureza das prácticas formativas, a achega da AMTEGA financiará ademais da bolsa que perciba o bolseiro, o custe das cotizacións ó réxime xeral da seguridade social correspondente ás bolsas así como o da contratación dun seguro de accidentes que dea cobertura ós bolseiros durante a realización da formación práctica e os asociados a estes conceptos.

O pagamento do citado financiamento aos beneficiarios efectuarase previo cumprimento dos requisitos de xustificación establecidos no Anexo VI do presente convenio.

Sen prexuízo do anterior, o pagamento do financiamento destinado a cubrir os custes da cotización das bolsas e do seguro de accidentes efectuarase directamente a FEUGA e con carácter previo contra certificación de FEUGA dos importes correspondentes á cotización de cada bolseiro, dos custes de xestión asociados e do seguro de accidentes para os bolseiros, para que proceda a dar cumprimento á obriga formal con carácter mensual e ó comezo das bolsas, debendo xustificar o destino dos importes



documentalmente, tan pronto se satisfagan as cotas correspondentes. Por tratarse de requisitos formais previos e necesarios, a xustificación destes gastos terá lugar pola devandita certificación non estando vinculados ó efectivo cumprimento das prácticas nin ó aproveitamento das mesmas. O mesmo sucederá nos supostos de Continxencias Comúns por parte dos bolseiros, xustificándose neste caso coa copia do parte de Alta/Baixa e xustificante de pagamento.

Terceira.- Financiamento

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia financiará as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio de colaboración, ata un importe máximo de 181.000 € con cargo ás partidas orzamentarias 04.A1.571A.227.99 e 04.A1.571A.481.0 dos orzamentos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, coa seguinte distribución por anualidades.

	2019	2020	2021
04.A1.571A.227.99	1.000 €		
04.A1.571A.481.0		90.000	90.000

Esta achega irá destinada a financiar a posta en marcha do programa de Bolsas DigiTalent mediante as actuacións preparatorias e convocatoria de, cando menos, 30 bolsas anuais, cun importe máximo de 3.000 € por bolsa, incluíndose o custe de cotización, do seguro de accidentes así como os asociados a ó cumprimento destes, para a realización de prácticas formativas en empresas do sector TIC, orientada a estudantes universitarios que teñan máis do 75% e menos do 100% de créditos aprobados.

Terán a consideración de custes asociados á formalización das bolsas, ademais da cotización e da contratación do seguro os derivados do cumprimento das citadas



formalidades mediante a adscrición de persoal por parte de FEUGA que asegure o axeitado cumprimento das formalidades legais requiridas polas Bolsas.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia transferirá á FEUGA, previo cumprimento dos requisitos de xustificación establecidos no Anexo VI do presente convenio e certificación por parte da FEUGA do correcto aproveitamento do plan de formación recibido, o importe correspondente aos distintos pagamentos a realizar con cargo á bolsa concedida, para que pola dita entidade se proceda ao seu pagamento efectivo a cada un dos beneficiarios.

A achega anterior entregárase en concepto de depósito sen que, en ningún caso, forme parte do patrimonio da FEUGA e será obxecto de contabilidade separada.

Exceptúase o importe correspondente ó custe de cotización de cada bolseiro e do seguro de accidentes así como os asociados a estes, que se abonarán no xeito previsto no último parágrafo da cláusula anterior e para cuxa xustificación bastará que FEUGA aporte os documentos de pago xunto con certificación expedida por FEUGA da adscrición de persoal para a execución das funcións que lle corresponda no presente convenio.

A FEUGA está exenta de constitución de garantía para asegurar as cantidades que se lle transfiran para proceder á distribución entre os bolseiros que resulten beneficiarios.

Cuarta.- Obrigas das partes

Co fin de garantir a execución do obxecto do presente convenio, todas as partes terán a obriga de colaborar activamente para a consecución dos obxectivos sinalados así como no establecemento e execución dos fitos marcados pola Comisión de Seguimento definida na cláusula oitava do mesmo.

Polo tanto, os compromisos adquiridos polas partes serán:

a. Obrigas da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

A Amtega comprométese a realizar as actuacións necesarias para o correcto desenvolvemento do presente convenio. Neste senso comprométese a:



- Achegar á FEUGA o financiamento necesario para impulsar a posta en marcha do programa de bolsas DigiTalent recollido no presente convenio ata un máximo de 180.000 € segundo o definido na cláusula terceira.
- Realizar as actuacións preparatorias e a convocatoria e selección de empresas TIC destinadas a albergar aos bolseiros durante a realización de prácticas formativas de conformidade co correspondente plan de formación. Sen prexuízo da concreción que se poida realizar na correspondente convocatoria, a selección das ditas empresas deberá axustarse aos criterios de participación e selección recollidos nos Anexos I e II do presente convenio e contar coa aprobación previa da Comisión de Seguimento do presente convenio.
- Realizar a convocatoria e selección dos bolseiros para a realización de prácticas formativas nas empresas do sector TIC previamente determinadas. Sen prexuízo da concreción que se poida realizar na correspondente convocatoria, a dita convocatoria axustarase aos criterios de participación e valoración que figuran nos Anexos III e IV do presente convenio. A selección dos bolseiros deberá contar coa aprobación previa da Comisión de Seguimento do presente convenio.
- Participar, a través da Comisión de Seguimento do Convenio, na selección das empresas TIC colaboradoras e nos bolseiros beneficiarios da realización de prácticas formativas de conformidade co correspondente plan de formación.
- Asegurar o adecuado desenvolvemento das actuacións impulsadas ao abeiro do presente convenio de cara a acadar o éxito e impacto esperados.
- Colaborar na comunicación e difusión relativa ás actividades que se promovan no marco deste convenio.

b. Obrigas da Secretaría Xeral de Universidades

A Secretaría Xeral de Universidades comprométese a realizar as actuacións necesarias para o correcto desenvolvemento do presente convenio. Neste senso comprométese a:



- Favorecer a interlocución e, de ser o caso, o aliñamento das actuacións que se definan coas necesidades e requirimentos do Sistema Universitario de Galicia, composto pola Universidade de A Coruña (UDC), a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (UVigo).
- Participar, a través da Comisión de Seguimento do Convenio, na selección das empresas TIC colaboradoras e nos bolseiros beneficiarios da realización de prácticas formativas de conformidade co correspondente plan de formación.
- Xestionar acordos con outras entidades que se requiran para o correcto desenvolvemento das actuacións derivadas do presente convenio.
- Difundir e promocionar as actuacións derivadas do presente convenio que resulten de potencial interese para o estudiantado universitario galego favorecendo o seu acceso ás mesmas.

c. Obrigas da Universidade de Santiago de Compostela:

A Universidade de Santiago de Compostela comprométese a realizar as actuacións necesarias para o correcto desenvolvemento do presente convenio. Neste senso comprométese a:

- Participar, a través da Comisión de Seguimento do Convenio, na selección das empresas TIC colaboradoras e nos bolseiros beneficiarios da realización de prácticas formativas de conformidade co correspondente plan de formación.

- Difundir e promocionar as actuacións derivadas do presente convenio que resulten de potencial interese para o estudiantado universitario galego favorecendo o seu acceso ás mesmas.

- Facer constar expresamente o financiamento da Amtega en todas as actuacións realizadas ao abeiro do presente convenio.

d. Obrigas da Universidade da Coruña:

A Universidade da Coruña comprométese a realizar as actuacións necesarias para o correcto desenvolvemento do presente convenio. Neste senso comprométese a:



- Participar, a través da Comisión de Seguimento do Convenio, na selección das empresas TIC colaboradoras e nos bolseiros beneficiarios da realización de prácticas formativas de conformidade co correspondente plan de formación.

- Difundir e promocionar as actuacións derivadas do presente convenio que resulten de potencial interese para o estudiantado universitario galego favorecendo o seu acceso ás mesmas.

- Facer constar expresamente o financiamento da Amtega en todas as actuacións realizadas ao abeiro do presente convenio.

e. Obrigas da Universidade de Vigo:

A Universidade de Vigo comprométese a realizar as actuacións necesarias para o correcto desenvolvemento do presente convenio. Neste senso comprométese a:

- Participar, a través da Comisión de Seguimento do Convenio, na selección das empresas TIC colaboradoras e nos bolseiros beneficiarios da realización de prácticas formativas de conformidade co correspondente plan de formación.

- Difundir e promocionar as actuacións derivadas do presente convenio que resulten de potencial interese para o estudiantado universitario galego favorecendo o seu acceso ás mesmas.

- Facer constar expresamente o financiamento da Amtega en todas as actuacións realizadas ao abeiro do presente convenio.

f. Obrigas da Fundación Empresa-Universidad Gallega

A Fundación Empresa-Universidad Gallega comprométese a realizar as actuacións necesarias para o correcto desenvolvemento do presente convenio. Neste senso comprométese a:

- Facer constar expresamente a colaboración prestada pola Xunta de Galicia e a Amtega, en todo o material de execución das actividades do convenio.

- Facer constar expresamente o financiamento da Amtega en todas as actuacións realizadas ao abeiro do presente convenio.



- Desenvolver unha campaña de difusión da convocatoria.
- Notificar aos bolseiros que resulten seleccionados, comunicando os datos da empresa e instrucións a seguir para continuar o proceso, e dará a coñecer a listaxe de participantes con solicitudes denegadas por non cumprir cos requisitos mínimos de acceso ao programa así como a listaxe de participantes que se atopen en listaxe de espera, que poderán acceder ao programa en caso de producirse algunha vacante.
- Levar a cabo, directamente ou en colaboración con outras entidades, as actuacións establecidas neste convenio debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á contratación das colaboracións externas que se precisen para o seu desenvolvemento.
- Seguir as normas sobre confidencialidade de datos, concretamente a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais e as normas que a desenvolven.
- Axustarse ás normas de seguridade e de imaxe corporativa, no seu caso, establecidas na Xunta de Galicia.
- Realizar o seguimento do aproveitamento dos plans de formación por cada un dos bolseiros beneficiarios, solicitar a documentación xustificativa da realización das actividades e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión das bolsas.
- Achegar os informes e documentos que acrediten fidedignamente o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ou pola Comisión de Seguimento do presente convenio.
- Facilitar a inspección e control dos órganos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas no convenio e que permitan a esta a xustificación financeira perante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Tribunal de Contas, así como as comprobacións previstas na lexislación do Consello de Contas.



- Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas coa execución deste convenio.
- Realizar mensualmente os pagamentos aos bolseiros beneficiarios, así como as retencións tributarias que correspondan, xunto coa súa liquidación tributaria e xeración dos xustificantes das ditas liquidacións para as persoas beneficiarias.
- Acreditar ante a Amtega o pagamento aos bolseiros beneficiarios mediante certificación expedida ao efecto.
- Efectuar os trámites da alta para cotización dos bolseiros, consonte ó Real Decreto 1493/2011 e demais normativa de aplicación, para a inclusión dos mesmos no réxime xeral da seguridade social, así como a contratación dun seguro de accidentes que dea cobertura ó risco dos bolseiros durante a realización das prácticas, destinando ó cumprimento de tales obrigas o persoal, propio ou alleo necesario.
- Reintegrar á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia as cantidades recibidas e non executadas, así como no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da presente Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta.- Pagamento

Previo cumprimento dos requisitos de xustificación establecidos no Anexo VI do presente convenio e certificación por parte da FEUGA do correcto aproveitamento do plan de formación recibido, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia transferirá á FEUGA o importe correspondente aos distintos pagamentos a realizar con cargo á bolsa concedida, para que pola dita entidade se proceda ao seu pagamento efectivo a cada un dos beneficiarios, sen prexuízo do especialmente previsto para os custes asociados á cotización e seguro de accidentes.

Sexta.- Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión de seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes da Amtega, dous



representantes da Secretaría Xeral de Universidades e un representante de cada unha das tres universidades galegas e un representante da Fundación Empresa-Universidad Gallega. Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Esta comisión estará presidida por un dos representantes da Amtega, que terá voto de calidade, e reunirse en tódalas ocasións que se estimen oportunas.

A Secretaría da Comisión de Seguimento será exercida por un dos representantes da Secretaría Xeral de Universidades.

Sen prexuízo do anterior, con relación á convocatoria para a realización de prácticas formativas en empresas do sector TIC, corresponderá á Amtega o exercicio das prerrogativas propias da normativa de subvencións, tanto en relación cos bolseiros coma en relación coa entidade colaboradora.

Sétima.- Causas de resolución do convenio de colaboración

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se realicen os investimentos.

Así mesmo, poderá resolverse por denuncia unilateral dalgunha das partes, previa comunicación ás outras partes cun mes de antelación, cando concorra algunha das seguintes causas:

- a) Por imposibilidade de cumprimento do obxectivo perseguido
- b) Incumprimento por algunha das partes de calquera das súas obrigas
- c) Causas excepcionais que obriguen a modificar substancialmente o obxecto do presente convenio.
- d) Imposibilidade material de executar o obxecto do Convenio por circunstancias excepcionais, que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos no mesmo.



Oitava.- Publicidade

As partes deste convenio consenten expresamente a inclusión dos datos persoais e mailo resto das especificación contidas no mesmo nos rexistros públicos que proceda, de acordo coa Disposición Adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

O texto do convenio remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións tal como dispón a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Novena.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Xunta de Galicia ou a Amtega.

Así mesmo, dado o carácter formativo das bolsas que, en execución do previsto no convenio se concedan, da súa realización non se derivarán en ningún caso deberes propios dunha relación laboral nin o seu contido poderá dar lugar ao relevo da prestación laboral proia de postos de traballo.

Décima. - Protección de datos

O tratamento dos datos persoais que precisen as partes que asinan o presente Convenio, suxeitarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, no Regulamento Europeo 2016/679 de 27 do abril e as normas que as desenvolven.

Décimo primeira.- Desenvolvemento e modificación



O presente convenio poderá ser obxecto de desenvolvemento a través das correspondentes adendas ao mesmo, nas que se determinarán as concretas actuacións a realizar e os créditos destinados a financiarlas.

Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo segunda.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo da posibilidade de prórroga por un período máximo de dous anos.

Décimo terceira.- Natureza xurídica e resolución de conflitos

Mediante a sinatura do presente Convenio, as partes comprométense a resolver de mutuo acordo as incidencias que poidan xurdir no seu cumprimento.

O presente convenio ten natureza administrativa, e como tal excluído do ámbito de aplicación da Lei de contratos do sector público, se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Rexerase polas súas propias cláusulas e supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes durante o desenvolvemento e execución do presente Convenio e non poidan ser resoltas pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula sexta, someteranse á xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Décimo cuarta.- Normativa aplicable

O presente convenio de colaboración rexerese por:



- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- Acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda de data 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.
- Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.
- A Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno nos seus artigos 15 e 17.
- Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio, no lugar e data de encabezamento.



ANEXO I

Requisitos e obrigas das empresas TIC nas que se levará a cabo a formación teórico-práctica dos bolseiros:

Requisitos de participación:

Co fin de ofertar destinos formativos aos/ás bolseiros/as poderán participar no programa como entidades colaboradoras todas as empresas que cumpran os seguintes requisitos:

- Personalidade xurídica: as empresas terán que ter personalidade xurídica baixo a forma de entidades mercantís, ben sexan sociedades anónimas ou sociedades limitadas, ou sociedades cooperativas, con algún centro de traballo en Galicia.

- Solvencia técnica: 1) experiencia mínima de 2 anos en proxectos relacionados con tendencias tecnolóxicas emerxentes tales como Big Data, tecnoloxías móbiles, deseño de servizos e aplicacións Cloud, ciberseguridade, IoT, blockchain, realidade aumentada, intelixencia artificial, economía colaborativa ou wearables, entre outras. 2) identificación de páxina web ou canles con funcións equivalentes en redes sociais onde se recollan os principais produtos, servizos, desenvolvementos, traballos e/ou proxectos da empresa. 3) identificación a través de internet de que a empresa cumpre coa normativa legal en materia de protección de datos de carácter persoal e tamén que conta cun Delegado de Protección de Datos, así como que está habilitada unha canle para contactar co dito delegado.

- Solvencia económica: mínimo 3 empregados UTA (unidades de traballo-ano), facturación mínima de 200.000€ o ano anterior á convocatoria, así como declaración de que se cumpren as consideracións artigo 10.2 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As entidades colaboradoras deberán designar un/unha titor/a cun compromiso de dispoñibilidade mínima ao/á bolseiro/a do 10 % da súa xornada para a supervisión e avaliación do alumno, e presentar o contido do programa e o plan de traballo das prácticas formativas no que se detallarán as actividades do bolseiro/a, acordadas a súa formación, e os obxectivos finais do período da práctica profesional.



Ademais, achegarán unha listaxe das áreas de coñecemento (Artes e humanidades, Ciencias, Ciencias da saúde, Ciencias sociais e xurídicas, Enxeñaría e Arquitectura) e das titulacións e formación específica de preferencia pola súa parte que será considerada de cara á asignación dos bolseiros que cumpran cos requisitos de acceso ao programa.

Para os efectos anteriores, as empresas solicitantes achegarán, xunto coa súa solicitude de participación como entidade colaboradora, a seguinte documentación:

a) Programa e plan de traballo das prácticas formativas no que se detallarán as actividades do bolseiro/a, acordos a súa formación, e os obxectivos finais do período da práctica profesional, así como as datas, duración e horario no que se desenvolverán as bolsas.

b) Declaración responsable do/da titor/a en que se comprometa á dispoñibilidade dun 10 % da súa xornada á supervisión e formación directa do/da bolseiro/a.

Obrigas das entidades colaboradoras seleccionadas:

- Executar o Programa e plan de traballo das prácticas formativas presentado inicialmente.
- Asignar un/unha titor/a a cada bolseiro/a, cunha dispoñibilidade dun 10 % da súa xornada á supervisión e formación directa deste/a.
- Cumprir a normativa en materia de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo e incluír o/a bolseiro/a no plan de prevención de riscos das súas instalacións.
- Dispoñer de instalación e medios precisos para o desenvolvemento das actividades propias da bolsa subvencionada.
- Realizar a formación do bolseiro dentro do horario laboral da empresa.
- Fomentar a realización de actividades que non sexan axenas ao proceso de formación do bolseiro
- Sufragar os gastos de desprazamento en que incorra o/a bolseiro/a durante as prácticas formativas. Para este efecto, a entidade colaboradora fixará unha localización das prácticas formativas para o/a bolseiro/a, por defecto un centro de traballo da entidade colaboradora en Galicia. Os gastos que se van sufragar serán os relativos aos desprazamentos desde a localización fixada.



- Informar á FEUGA de calquera incidencia que ocorra ao longo do período da bolsa.
- Someterse aos mecanismos de inspección e de control que a FEUGA considere convenientes, vinculados ás actividades formativas dos/das beneficiarios/as en relación coa bolsa concedida.



ANEXO II

Criterios de selección como entidades colaboradoras das empresas TIC nas que se levará a cabo a formación teórico-práctica dos bolseiros:

- Experiencia en proxectos relacionados con tendencias tecnolóxicas emerxentes tales como Big Data, tecnoloxías móbiles, deseño de servizos e aplicacións Cloud, ciberseguridade, IoT, blockchain, realidade aumentada, intelixencia artificial, economía colaborativa ou wearables, entre outras): ata un máximo de 7 puntos. Valorarase:

- a traxectoria da empresa nas tecnoloxías declaradas
- as innovacións aportadas no seu mercado
- a dispoñibilidade de produtos e/ou servizos comerciais nas tecnoloxías declaradas
- a transparencia da empresa na súa páxina web ou canles con funcións equivalentes en redes sociais

- Dimensión da empresa no seu mercado: ata un máximo de 3 puntos. Valorarase:

- o volume de traballadores da empresa no centro de traballo no que se desenvolverán as prácticas
- facturación global da empresa
- actividades de responsabilidade social corporativa na súa páxina web ou equivalente.
- políticas de conciliación
- situación xeográfica nas provincias de Lugo e Ourense



ANEXO III

Criterios de participación na convocatoria de bolsas para a realización de prácticas formativas en empresas do sector TIC

Poderán presentar solicitude para acollerse ao programa de bolsas aqueles estudantes que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar matriculado nunha das tres Universidades públicas da nosa Comunidade Autónoma.
- Ser menor de 31 anos.
- Non ter desfrutado doutra beca de formación de FEUGA para estudantes universitarios, por período superior a 9 meses.
- O período máximo computado do total de bolsas disfrutadas polo candidato non poderá exceder de 24 meses.
- Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea e estar empadroado/a nun municipio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Cumprir os requisitos do artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para ser considerado/a beneficiario/a de subvencións.
- Ter aprobados, na data en que finaliza o prazo de presentación de solicitudes, máis do 75% e menos do 100% dos créditos dalgunha titulación universitaria de Grao nalgunha das universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG), nas áreas de coñecemento seguintes:
 - Artes e humanidades: Grao en Información e Documentación, Grao en Filosofía, etc
 - Ciencias (Física, Química, Matemáticas, Bioloxía, etc.)
 - Ciencias da saúde: Grao en Medicina, Grao en Psicoloxía, etc.)
 - Ciencias sociais e xurídicas: Grao en Administración e Dirección de Empresas, Grao en Economía, Grao en Consultaría e Xestión da Información, etc.
 - Enxeñaría e Arquitectura





- Non ter sido beneficiario dunha beca da Xunta de Galicia ou da Amtega co mesmo obxecto da convocada. Exceptúanse aqueles supostos nos que, por razón non imputables ao beneficiario, non puidese desfrutar da beca concedida.



ANEXO IV

Criterios de selección de bolseiros para a realización de prácticas formativas en empresas do sector TIC

- Expediente académico: ata un máximo de 10,00 puntos, que se asignará en función da nota media calculada para as titulacións universitarias polo Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro. No caso de que esta nota non apareza no expediente académico presentado calculada polas normas referidas ou estas non se especifiquen, valorarase con 0,00 puntos.

- Memoria explicativa que presente o solicitante sobre a súa motivación para realizar a práctica formativa e os resultados que pretende acadar. Esta memoria non poderá superar unha (1) folia en formato A4, en tipografía libre cun alto dos caracteres de 10 a 12, e rango de interliñado de sinxelo a 1,5 liñas.

- No caso de empate nas puntuacións segundo os criterios anteriores, utilizarase como criterio de desempate a data de entrada das solicitudes no lugar que ao efecto se estableza na correspondente convocatoria.

- Se un candidato opta a dúas ofertas de bolsas diferentes, deberá indicar unha orde de preferencia. En último termo, en caso de empate, decide a Comisión de seguimento.



ANEXO V

Obrigas dos bolseiros beneficiarios

Os bolseiros, polo feito de solicitar as bolsas, comprométense a aceptar o contido das bases da convocatoria, así como a cumprir as seguintes obrigas:

a) Aceptar por escrito a bolsa concedida, dentro do prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da súa concesión no lugar fixado na convocatoria. De non aceptarse a beca dentro do dito prazo, entenderase renuncia á mesma concedéndose ao suplente que figure en primeiro lugar na resolución de concesión.

b) Iniciar a actividade formativa para a que se lle concede a bolsa na data que se estableza na oportuna comunicación.

c) Realizar a actividade formativa que fundamenta a concesión da bolsa con arreglo ao programa de formación que se estableza, con pleno respecto ao persoal, medios e normativa da empresa na que se desenvolven as prácticas.

As prácticas terán una duración de 20 horas semanais e no seu desenvolvemento o bolseiro se atenderá ás instrucións recibidas polo/a titor/a asignado/a.

En caso de incumprimentos debidos a ausencias sen xustificar, practicaranse no importe mensual as deducións correspondentes á parte proporcional correspondente aos días de ausencia. Adicionalmente, no caso de que a ausencia inxustificada sexa dunha duración que impida ou dificulte gravemente a formación que é o fundamento da bolsa, extinguiranse a axuda económica á formación e a acción formativa. Entenderanse causas xustificadas as contingencias previstas no réxime xeral da Seguridade Social, de acordo co artigo 3 do Real Decreto 1493/2011, de 24 de outubro. O tempo de ausencia por causas xustificadas computarase igualmente a efectos da duración máxima da bolsa.

d) Someterse ás actuacións de comprobación e control que poidan resultar pertinentes, facilitando canta información lle sexa requirida ao efecto.

e) Non adquirir durante o período da bolsa ningún compromiso ou obriga, tal como outra bolsa, contrato laboral ou outro de natureza análoga, que impida o cumprimento íntegro e continuado do obxecto da mesma.



f) Observar a necesaria reserva en canto aos asuntos, feitos ou informacións dos que tivese coñecemento durante o período da bolsa. A confidencialidade da documentación ou información á que tivesen acceso subsistirá unha vez finalizada a bolsa.

g) Elaborar e presentarlle á FEUGA ao remate do primeiro mes da bolsa, en colaboración co/coa seu/súa titor/a, un informe parcial dos traballos realizados durante ese período.

h) Elaborar e presentarlle á FEUGA ao final da bolsa, en colaboración co/coa seu/súa titor/a, unha memoria final dos traballos realizados durante todo o período da bolsa e completar a enquisa de avaliación que recibirán ao finalizar este.

A comprobación da inexactitud ou falsidade dos méritos alegados, as ausencias repetidas sen xustificar e o incumprimento de calquera das obrigas establecidas nos apartados anteriores ou a non realización dos traballos para a súa formación práctica en condicións satisfactorias poderá supor, unha vez ouvido o bolseiro, a privación da bolsa polo tempo que queda pendente, ademais doutras responsabilidades que resultasen exixibles.



ANEXO VI

Documentación xustificativa

A) Para os pagamentos parciais:

O beneficiario deberá acreditar ante a FEUGA a realización das actividades correspondentes a cada mes ao que se estenda a bolsa, dentro dos primeiros 10 días do mes seguinte, mediante a presentación dos seguintes documentos:

- a) Solicitud de pagamento
- b) Memoria detallada das actividades realizadas, subscrita polo bolseiro e o seu titor/a, na que se especificará o programa desenvolvido e os obxectivos alcanzados.
- c) Certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias estatais, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, ou autorización para que o órgano convocante comprobe por medios electrónicos dita circunstancia.
- d) Declaración responsable relativa á titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, na que conste o NIF, así como o código do banco, código de sucursal, dígito control e código de conta corrente.
- e) Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes así como dos entes privados. Nesta declaración, se é o caso, deberá figurar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que houberen financiado a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- f) Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

B) Para o pagamento final:

O beneficiario deberá acreditar ante a FEUGA a realización das actividades, dentro do mes seguinte á finalización do prazo fixado para a terminación da acción formativa, mediante a presentación dos seguintes documentos:

- a) Solicitud de pagamento



- b) Certificación ou certificacións expedidas polo titor/a asignado, nas que expresamente se faga constar que se cumpriu o programa inicialmente proxectado e que se acadaron os obxectivos previstos.
- c) Memoria detallada das actividades realizadas, subscrita polo bolsreiro e o seu titor/a, na que se especificará o programa desenvolvido e os obxectivos alcanzados.
- d) Completar a enquisa de avaliación que recibirán ao finalizar este.
- e) Certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias estatais, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, ou autorización para que a Amtega comprobe por medios electrónicos dita circunstancia.
- f) Declaración responsable relativa á titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, na que conste o NIF, así como o código do banco, código de sucursal, díxito control e código de conta corrente.
- g) Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes así como dos entes privados. Nesta declaración, se é o caso, deberá figurar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que houberen financiado a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- h) Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

A FEUGA remitirá á Amtega a documentación sinalada nas letras anteriores para a súa revisión e comprobación por parte da área de Sociedade Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

O pagamento da FEUGA aos bolsreiros beneficiarios realiarase previo informe de conformidade da Área de Sociedade Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

A FEUGA achegará á Amtega a documentación acreditativa dos pagamentos aos bolsreiros beneficiarios e da realización das actuacións que constitúen o obxecto do presente convenio na





data que a tal efecto se fixe na correspondente convocatoria, sen que a mesma poida exceder do 31 de outubro do ano ao que as mesmas se refiran.

En todo caso, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia resérvase o dereito de solicitar aos bolsellos beneficiarios toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.



Anexo VII – Desglose orzamento

Actuación	Aplicación orzamentaria	2019	2020	2021
Actuacións preparatorias selección empresas albergadoras	04.A1.571A.227.99	1.000 €		
1ª Convocatoria Bolsas DigiTalent	04.A1.571A.481.0		90.000 €	
2ª Convocatoria Bolsas DigiTalent	04.A1.571A.481.0			90.000 €



CVE: gZhuRq2E1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/ove>

